

CERTAME
ESCOLAR
de **PODCAST**
e **RELATO**
RADIOFÓNICO
XOSÉ
MOSQUERA
PÉREZ



IES PLURILINGÜE
ROSALÍA DE CASTRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Equipos de
Dinamización
da Língua Galega



XUNTA
DE GALICIA

BASES



O IES ROSALÍA DE CASTRO e a XUNTA DE GALICIA, a través da SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA, en colaboración con ARRAIANOS MULTIMEDIA, convocan o I Certame Escolar de Podcast e Relato Radiofónico XOSÉ MOSQUERA PÉREZ.

BASES

1. Poderá concorrer a este premio o alumnado dos centros de ensino de educación primaria (sexto curso) e de secundaria de Galicia e dos centros que impartan ensinanzas de galego de réxime xeral cursadas fóra da Comunidade Autónoma.

2. Participará con traballos compostos por **un texto** inédito e **un podcast** baseado nel, integramente **en lingua galega** e sempre relacionados co **persoeiro** ao que se lle dedica o **Día das Letras** Galegas.

Os textos deben estar escritos e pensados para seren radiados e ter unha extensión máxima de 3 folios, mecanografados a dobre espazo; estarán redactados integramente en lingua galega.

Os podcasts terán unha duración máxima de 5 minutos. Admitiranse obras individuais ou colectivas.

CERTAME ESCOLAR de **PODCAST** e **RELATO** **RADIOFÓNICO** XOSÉ MOSQUERA PÉREZ

3. Os traballos teñen que ser enviados por correo electrónico ao enderezo **certameradiofonico@iesrosaliadecastro.org** e deben incluír obrigatoriamente no texto o enderezo, teléfono e correo electrónico do autor/a ou autores/as, que asinarán co nome e apelidos, idade, curso e o nome do centro educativo, e, de ser o caso, indicarán o dos profesores/as ou titores/as.

4. Prazo de presentación: até o **17 de maio de 2019**.

5. O premio estará dotado con **1.000 €** para o mellor traballo de cada edición, a montaxe e edición dun podcast e a emisión radiofónica do gañador e dos dous finalistas.

6. A decisión do xurado farase pública a finais de **maio de 2019**.

7. A obra será **representada e radiada** nun programa en directo nun centro educativo, durante o acto público de entrega de premios do I Certame de *Podcast* e Relato Radiofónico XOSÉ MOSQUERA PÉREZ, ao remate do curso escolar 2018-2019.



IES PLURILINGÜE
ROSALÍA DE CASTRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA
DE GALICIA